## Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial: Os Galos. Número 6.


| Sinatura | Peza | Páxina |
|---|---|---|
| Os Galos | Editorial | 3 |
| Diana Bernárdez | O estaleiro de Purro | 4 |
| Xerardo Dasairas | Tradicións mariñeiras | 5 |
| Salvador Rodríguez | Navegando nas noites do cabalo | 7 |
| Redacción | O pasado encontro | 8 |
| Diana Bernárdez / O'Xedas | Homenaxe aos náufragos | 9 |
| Xaime Toxo | Bucaneiros de hoxe | 11 |
| Luís Davila | Humor mariñeiro | 12 |
| Luís Chapela | Poemas de 'Sementeira de orballo' | 13 |
| Lucía Novas | Tres tempos | 15 |
| Guillermo Gefaell | Cativa esperaba a serea | 17 |
| Xaime Toxo | Ulises volta das illas | 18 |
| Redacción | Modelo da folla de inscrición como socio de Os Galos e programa do XVI encontro. | 22 |


## Equipo


Coordinación: Ana Gil e Diana Bernárdez
Deseño e maquetación: Diana Bernárdez

Patrocina: Concello de Bueu

Contacto coa asociación: galosbueu@yahoo.es
Contacto para medios de comunicación: galoscomunicacion@gmail.com
Páxina en Facebook: Os Galos Bueu
Blogue: http://osgalos.wordpress.com
Número de ISSN: 1188-606X Depósito Legal: PO 459/2006


## Editorial

A revista Os Galos chega á súa sexta edición. Non foi doado. A conclusión da primeira reunión do equipo foi "se temos que mudarnos á rede, farémolo". O mesmo dá se lle chaman desaceleración, recesión ou *crisi*, o contexto económico actual supón a excusa perfecta para darlle coa porta na cara a todo canto non sexa pan ou circo. A cultura non se come, ben certo é, mais, sen ela, só conseguiremos aumentar a alienación entre as persoas ao esquecer as nosas raíces.

Este número arranca cun tema que nunca abandona a actualidade: o estado lamentable de conservación no que se atopa o estaleiro de Purro. Tamén homenaxeamos aos náufragos, nesta ocasión aos que fican lonxe da súa terra. O recuncho literario está máis abundante ca nunca, con case que tantos versos coma prosa. E, por suposto, nestes tempos debemos esquecer o riso do humor mariñeiro.

Este podería ser o derradeiro número en papel da revista Os Galos, de feito, existe unha versión máis longa accesible dende o noso blogue. Porén, o noso propósito por saír adiante e divulgar o patrimonio marítimo da vila está máis forte ca nunca pois somos moi conscientes de que aterrando o noso pasado carecemos de perspectiva para mirar cara o futuro.